



Excmo. Concello de Tui

FESTA DO MIÑO 2019

Bases de Participación e de Información da IX Festa Gastronómica

Sábado 10 agosto 2019 - 20:00h a 00:00h - Rúa Compostela



PRIMEIRA	ORGANIZACIÓN
<p>O Excmo. Concello de Tui, a través da súa Concellería de Ensino e Cultura, organiza a IX Festa Gastronómica, que se realizará dentro do marco de actividades da Festa do Miño 2019 na Cidade de Tui, co obxectivo de regular e crear un marco legal para a celebración desta Festa Gastronómica, xa tradicional e con éxito de participación en edicións anteriores, coa convocatoria de postos de venda directa para a promoción do produto natural, autóctono e artesá.</p> <p>A organización comunica a cada asociación participante que:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Facilitará este material de produción: 2 postos de venda, 2 taboleiros + 6 cabaletes (para degustación do produto en fronte aos postos), 2 contedores de lixo (1.200kg de capacidade), 2 valos, 2 tomas de corrente de 2.200w, e 2 tomas de auga para todos en conxunto. <ul style="list-style-type: none"> o O inicio da montaxe será a partires das 09:30h e o de recollida das 00:30h, coa colaboración de 2 persoas por cada participante. o Os participantes accederán á Rúa Compostela cun vehículo ata ás 19:00h, por a rúa Irmáns Maristas con Mondoñedo, rúa onde terán reservado estacionamento para un vehículo por participante (se lle facilitará unha credencial). o Cada participante aportará un voluntario para o control de acceso á zona e información ao usuario e participante da festa. - Non dotará aos postos de infraestrutura en caso de inclemencias meteorolóxicas adversas. - Editará publicidade precisa da festa para a difusión e promoción da mesma. - Dotará a rúa Compostela cun equipo de son ambiente, cunha instalación de luz ornamental, así como, de 2 sanitarios. - Designa o emprazamento dos postos, así como, asigna cada un deles a cada participante por orde alfabético dende a rúa Ourense. - Non se responsabilizará das modificacións que poidan producirse por causas alleas ou de forza maior na celebración da festa, así como, declina nos participantes a responsabilidade sobre a calidade, composición e elaboración ou prezo dos produtos á venda. - Non permitirá a venda ambulante no recinto ou asentamento de calquera tipo de posto non autorizado. 	
SEGUNDA	DATA, HORARIO E EMPRAZAMENTO
<p>A Festa Gastronómica celebrarase o sábado 10 de agosto, en horario de 20:00h a 00:00h, na Rúa Compostela, nos tramos comprendidos entre a rúa Ourense e a rúa Betanzos. En caso de suspensión celebrarase o domingo 11 de agosto.</p>	
TERCEIRA	NORMATIVA SANITARIA
<p>Todos os vendedores de alimentos deberán estar en posesión do Carné de Manipulador de Alimentos, e levar un vestiario adecuado e en perfectas condicións hixiénicas, levar o pelo atado e a cabeza cuberta cun gorro ou complemento similar. Non está permitido que o persoal que se encargue dos cobros manipule tamén os alimentos.</p> <p>Toda bebida deberá ser etiquetada. Permitirase a venda de auga, refrescos, cervexa e viño. Queda terminantemente prohibida a venda de alcohol a menores, sendo o participante o responsable único e exclusivo de cumprir esta condición.</p> <p>Os produtos á venda deberán ser naturais, autóctonos e elaborados artesanalmente.</p> <p>As tortillas, empanadas, e outras elaboracións semellantes, deberán estar moi feitas, e facerse o mesmo día. Os doces deberán facerse a última hora antes da venda. Os produtos que se usen en calquera das comidas, deberán ser mercados en establecementos autorizados, garantindo a calidade e hixiene.</p> <p>Os produtos alimenticios expostos, deberán estar en recipientes apropiados. Colocarase carteis visibles que indiquen que non se poden tocar. Deben vixiarse os alimentos que precisen ser servidos en frío evitando os riscos para a saúde.</p> <p>Todos os artigos, aparellos e equipamentos deben ser mantidos limpos e en bo estado de conservación.</p>	
CUARTA	POSTOS
<p>Todos os carteis informativos e de prezos estarán redactados en galego. A listaxe de prezos deberá estar á vista, e non se poderá alterar. Na fronte do posto colocaranse 2 carteis co nome da asociación e número de participante.</p> <p>Todo posto deberá permanecer aberto durante o horario de celebración da feira. Fóra dos postos non se permitirá almacenar caixas ou vultos. Non se poderá aumentar a superficie de venda con mesas ou plataformas adicionais.</p> <p>O participante é responsable da limpeza e da seguridade interna do seu posto. Non se pode deixar lixo no lugar ocupado. Deberase deixar o lugar no mesmo estado de limpeza no que se atopaba previo á montaxe. Os postos terán que cubrir o chan para evitar manchas de graxa, aceites ou similares.</p> <p>Cada participante deberá obrigatoriamente ter unha persoa encargadas da limpeza dos taboleiros de degustación situados en fronte o seu posto, así como, do espazo de uso frontal de usuarios. Aportarán pola súa conta as bolsas de lixo.</p> <p>Prohibición de facer lume en todo o emprazamento da festa. É obrigatorio contar cun extintor de 6 kg por participante. Quedan prohibidos os aparellos reprodutores de música, altafalantes, ou calquera outro que emita son de animación.</p>	
QUINTA	PARTICIPACIÓN
<p>Só poderán participar ás 13 primeiras asociacións culturais de Tui, inscritas no rexistro municipal de asociacións. O Concello notificará a cada asociación participante a súa aceptación de inscrición final.</p>	
SEXTA	TAXAS
<p>Previamente as asociacións solicitantes deberán aboar as correspondentes taxas no departamento de Tesourería, segundo a "Ordenanza por ocupación de postos situados en terreos de uso público local", que no punto 1.1, di que por ocupación con postos de venda ambulante en zonas de dominio público, esixiranse 1,49 € por metro cadrado, valorando a organización que a ocupación por participante será de 10m², a taxa correspondente será de 14,90 € por participante.</p>	
SÉTIMA	INSCRICIÓN
<p>O prazo de inscrición será o venres 2 e luns 5 de agosto, por rexistro de entrada, en horario de 09:00h a 14:00h, en modelo normalizado. No momento de formalizar a inscrición é obrigatoria a presentación da seguinte documentación, senón non será admitida a solicitude:</p> <ul style="list-style-type: none"> - C.I.F. - Copia do C.I.F da asociación participante. - N.X.D. - Copia do nomeamento da xunta directiva no libro de actas da asociación. - D.N.I. - Copia do D.N.I do presidente da asociación. - C. M. A - Copia dos diplomas ou certificados de manipuladores de alimentos por cada membro participante de cada asociación. - C.P.V.P. - Carta de produtos a venda e prezos dos mesmos. - P.R.S - Copia da póliza de Seguro Responsabilidade Civil obrigatorio, que cubra a venda de alimentos e o recibo de pagamento das primas correspondentes ao período do seguro en curso. - TAXA - Copia do recibo acreditando a taxa correspondente abonada por ocupación vía pública. 	
OITAVA	COMUNICACIÓN
<p>Estas Bases serán oficiais no momento da aprobación por Decreto de Alcaldía e publicadas na web www.tui.gal, e difundidas a través da Radio Municipal de Tui e nos diferentes medios de comunicación, e estarán a disposición da cidadanía no taboleiro de información no Concello de Tui e no Departamento de Cultura, xunto ao modelo de inscrición normalizado para este fin.</p>	